



BASES PARA O III CONCURSO INFANTIL DE POSTAIS DE NADAL DO CONCELLO DO PORRIÑO 2023

A Concellería de Educación e Normalización Lingüística do Concello do Porriño convoca o III Concurso Infantil de Postais de Nadal.

As presentes bases rexerán a participación e concesión de premios para as persoas que se presenten ao III Concurso Infantil de Postais de Nadal do Porriño.

1. DESCRICIÓN

- As persoas participantes crearán unha **postal coa temática do Nadal** para felicitarlle as festas a toda a veciñanza do Porriño.
- Para decorar a postal pódese empregar calquera técnica creativa utilizando ceras, acuarelas, colaxe, carbón, elementos vexetais ou calquera outra técnica creativa.
- A postal deberá incluír necesariamente unha pequena **mensaxe en lingua galega** coa que se feliciten as festas do Nadal. Valorarase, de xeito especial, o xogo coa lingua galega, sexa mediante rimas, cantigas (tradicionais ou inventadas), refráns ou frases feitas asociadas a esta época do ano.
- O **tamaño** máximo da postal será o **A5** (tamaño cuartilla ou medio folio), en formato papel, cartón, cartolina ou outros materiais similares, que cumpran sempre co tamaño predefinido.
- Na parte posterior da postal figurará o **nome** da/do participante e a súa **idade**.

2. PERSOAS PARTICIPANTES

- Poderán participar nenas e nenos de **3 a 14 anos**.
- Cada participante só poderá presentar unha postal.
- As obras serán, necesariamente, orixinais e inéditas.
- O Concello do Porriño reserva o dereito de non publicar aquelas postais que considere que atentan contra a legalidade ou a dignidade das persoas e/ou institucións.





3. ENTREGA DE POSTAIS

- As postais poderanse entregar **dende o día 7 ao 21 de decembro de 2023**.
- Depositaranse, dentro dun sobre pechado, **na caixa de devolución de libros da Biblioteca Municipal do Porriño**, situada no frontal exterior do Centro Cultural Municipal.
- Todas as postais serán expostas ao público no vestíbulo do Centro Cultural Municipal, así coma no blog do Servizo de Normalización Lingüística do Concello do Porriño (<https://normalizacionlinguisticaoporrino.wordpress.com/dinamizacion-linguistica/>) e nas súas redes sociais durante as festas de Nadal. O Concello do Porriño non se fai cargo de posibles subtraccións destas.

4. PREMIOS

Establécense **3 categorías** de acordo coa idade, nas que haberá, para cada unha delas, 1º, 2º e 3º premio, baseados en diferentes lotes de material escolar:

- 1) Participantes de 3 a 6 anos
- 2) Participantes de 7 a 11 anos
- 3) Participantes de 12 a 14 anos

A relación de persoas premiadas colgarase tanto no blog do Servizo de Normalización Lingüística coma noutras redes sociais do Concello.

A **entrega de premios** será o **xoves 4 de xaneiro de 2024 ás 17 horas** no **salón de plenos** do Concello do Porriño.

5. XURADO

O xurado estará constituído por un comité de observación e valoración de premios, nomeado por resolución de Alcaldía, e composto por unha serie de membros en número impar.

Valorarase a técnica creativa, o uso da lingua galega e a composición xeral da postal, de acordo cos criterios apropiados a cada grupo de idade.

6. ACEPTACIÓN DAS BASES

- A participación neste concurso supón a total aceptación das presentes bases e a autorización ao Concello do Porriño para a difusión e uso das postais a través das redes sociais, páxina web e demais medios de difusión.





Concello do Porriño

- O incumprimento de calquera das cláusulas destas bases dará lugar á perda do dereito de optar aos premios de participación.
- As presentes bases expóranse no Taboleiro de Anuncios do Concello do Porriño, na páxina web do Servizo de Normalización Lingüística e nas redes sociais desta Administración.

Documento asinado electronicamente á marxe.

Concello do Porriño

r/ Antonio Palacios, 1 O Porriño 36400 (Pontevedra). Tfno.: 986 33 50 00 Fax: 986 33 05 79

Cod. Validación: K72KN5WFD5XNPPK57HKK3LRQ
Corrección: <https://porriño.sedelectronica.gal/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 3 a 3

